




O TARO BRANCO





Distancia: en coche desde Seoane: 8 km (lineais)
a pé desde Meiraos; 9 km circular
Dificultade: media

Adela Leiro, Mon Daporta
Febreiro 2026

Propoñemos unha visita a unha das zonas do Courel pouco coñecidas que destaca polo seu valor xeolóxico, biolóxico e paisaxístico.

O Taro Branco é un monte de 1228 m de altitude que debe o seu nome aos grandes afloramentos de rocha calcaria gris, que coa luz parece branca, con grandes e grosas lousas que chama a atención na súa contorna. Ten un enorme valor científico debido ás formacións que se poden atopar neste tipo de rochas como as covas e a presenza fósiles. Na zona quedan restos de antigos fornos de cal que se empregaba para o branqueo e protección das vivendas. Destaca a existencia de explotacións auríferas da época romana nas proximidades como as minas da Toca e Barreiro

Desde os cumes hai fermosas vistas dunha grande parte de O Courel; unha vista xeral da serra coa Devesa da Rogueira, a devesa de Paderne, o Val do Lor, O Castro de Brío, o Alto do Couto, o Monte Cido, os núcleos de Mercurín, Meiraos, Parada, Moreda ...



Vista da serra do Courel desde o Taro Branco

PERCORRIDO

Pódese facer en coche, en bicicleta ou camiñando. Tamén combinando varias opcións.

A PÉ: dende o pobo de Meiraos vaise subindo por pistas ata a cima do Taro Branco onde se pode dar un amplo paseo pola parte alta. Desde os cumes pódese acceder á mina romana da Toca, malia que o camiño máis doado e curto é desde a aldea de Piñeira. Para volver rodeamos o monte do Taro Branco e o Pico do Pando e collemos unha pista de terra que baixa con dirección sur. Ao chegar á estrada camiñamos cara abaixo ata coller a seguinte pista á dereita que nos leva a Meiraos.

EN COCHE: Partindo de Seoane do Courel collemos a estrada que leva a Meiraos e logo o desvío á Teixeira, ata chegar ao alto da serra, onde facemos unha parada para coñecer os cumes do Taro Branco e arredores. Volvemos polo mesmo percorrido e podemos aproveitar para coñecer algúns lugares do val do río Pequeno.



Detalle do Taro Branco



Vista da formación calcária do Taro Branco desde a outra parte do val. Detrás Os Ancares nevados.



Acíñeiras (*Quercus ilex* subsp. *ballota*): aparecen por baixo dos 800 metros, nos afloramentos calcarios.




As lousas de fractura na rochas




Vistas dos cumes do Taro Branco, Pico do Pando e monte do Barreiro. No primeiro plano o monte da Toca.

Mina da Toca

Foia a máis grande mina romana de ouro no Courel. É unha explotación á boria que deixou unha enorme fenda no monte (680 m de lonxitude). As terras eran derrubadas pola forza da auga e logo lavábanse para obter o ouro. Actualmente está moi cuberta de vexetación.





Cabras no Taro Branco



Biscutella valentina




Narcissus asturiensis



Erinus alpinus



Vista desde o Taro Branco



Val do Lor desde o Taro Branco